



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

ACTA CONSTITUCIÓN XURADO E DITAME DO "XXVII CERTAME FRANCISCO AÑÓN DE POESÍA 2023"

Nesta vinte e sete edición do certame e fieis ao seu espírito, seguimos co obxectivo de promover o valor creativo e literario da nosa lingua. A través da concellaría de cultura, desexamos un ano máis, apoiar os novos valores da nosa cultura e as nosas letras, para que deste xeito sirvan de estímulo ás xentes da escrita.

Previa a esta xuntanza achegóuselles a cadansúa persoa os orixinais presentados ao premio, e fíxose unha primeira escolla dos traballos finalistas que cada quen aportou, acordando a data do 28 de abril para unha primeira criba a través de correo electrónico. Unha vez recibidas as propostas, reenviouuse a selección de finalistas aportada de cada unha das categorías a tódalas persoas que componen o xurado, a fin de volver a reler e valorar os traballos de cara á reunión presencial que se fixou para o día 11 de maio ás dez e cuarto da mañá na Casa da Cultura de Outes.

Sendo as 10:15 horas do mércores 11 de maio de 2023, reúnense na Casa da Cultura do Concello de Outes, as persoas que a continuación se indican:

María Teresa Pérez Tilve. Profesora e escritora.

Carlos Maquieira Rodríguez. Profesor de ensino secundario.

Miriam Ferradáns Ferradás. Poeta

Xabier Xil Xardón. Profesor de ensino secundario e poeta.

Intervén como secretario, Santiago Nieto Romarís, técnico de cultura do Concello de Outes, quen levanta acta e a continuación presenta ás persoas que componen o xurado e que ata este momento non eran coñecedoras entre elas da súa participación nesta edición.

Seguidamente procédese á valoración dos poemarios recibidos dentro do prazo sinalado.



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

Categoría A: Nenos/as de 6 a 7 anos:

O xurado por unanimidade outorga o primeiro premio, 150 euros en libros e publicación da obra ao traballo titulado "O meu avó", aberta a plica corresponde á autoría de Daniel Camanzo Formoso de 6 anos de idade, natural da Estrada e estudiante no CEIP do Foxo. O xurado destaca da súa composición a capacidade que o autor tivo para expresar de maneira contida varias imaxes poéticas que componen un conxunto ben logrado.

O xurado acorda premiar con accésit compartido (publicación da obra) aos traballos "Os bichos contra o rap" de Mateo Fernández Caamaño de 6 anos de idade estudiante do CEIP Ricardo Tobío de Esteiro, Muros de onde é natural. O xurado valora sobre todo o carácter humorístico da composición. Resaltando ese valor engadido que parece que Mateo recolleu, ese "punto" a escribir divertíndose.

O outro accésit compartido -publicación- foi para a composición titulada "A miña familia" que aberta a plica corresponde a Triana Mogo Figueiras de 7 anos de idade, estudiante do CEIP do Foxo, A Estrada. O xurado valorou no traballo, o axeitado emprego dos adjetivos e comparacións tan impregnadas de amor e cariño que dotan á obra dun alto contido poético.

Categoría B: Neños/as de 8 a 9 anos:

O xurado por unanimidade outorga o primeiro premio, 180 euros en libros e publicación da obra ao traballo titulado "Buscando", aberta a plica corresponde á autoría de Edgar Abraham Iglesias Barreiro de 9 anos de idade, natural de Castrelo de Miño, Ourense e estudiante no CEIP desta localidade. O xurado destaca desta composición, a mensaxe profunda e reflexiva, así como a contención da linguaxe que fai o autor, sendo este moi consciente do futuro, do que está por vir.

O xurado outorga tres accésit compartidos -publicación- aos traballos titulados: "Bichos de auga" aberta a plica correspondeu a Mario Pazos Munín de 9 anos de idade, natural de Santiago de Compostela e estudiante no Colexio La Inmaculada desta cidade. O xurado destacou da súa obra a axeitada resolución da peza, que dotou dunha estrutura a xeito de "retaíla" moi traballada con trazos de humor e surrealismo moi "acaídos".



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

Outro accésit foi para "O gato pintor/a gatiña Noa" que correspondeu á autoría de Noé Osorio Suárez, de 8 anos de idade e estudante no CEIP de Castrelo de Miño, Ourense e natural desta localidade. Á estimanza do xurado o autor preséntanos dous poemas con sendas caras contrapostas e resaltando así un efectista contraste con moita graza, divertidos, no que vai visibilizando os perigos da fama, facendo unha reflexión paso a paso. Destacan tamén das composicións a rima e a métrica moi acertadas.

O terceiro accésit compartido foi para o traballo "Piano-Haikus", aberta a plica correspondeu a Arwen Fernández García, de 9 anos de idade e natural de San Miguel de Oia, Vigo, estudante no CEIP Humberto Juanes de Nigrán. Á estimanza do xurado, chama a atención o clasicismo da composición. A acertada combinación entre a temática e o poema. O sentido que lle imprime á composición, o humor moi fino coa que a dota e o sentido da vida moi potente, que reflicte na peza.

Categoría C: Nenos e nenas de 10 a 11 anos:

A estimanza do xurado, acada o primeiro premio por unanimidade -210 euros en libros e publicación- o poema titulado "Eu son o mar" aberta a plica corresponde coa autoría de Ramiro Bouzas Berride de 11 anos de idade, natural de Marín, Pontevedra e estudante no CEIP Sequelo de Marín. Nesta composición, o xurado quixo destacar as imaxes sorprendentes, "eu son o mar e cando esbirro tapo o nariz cunha nube" ou esta "... eu son o mar e cando choro pola tarde, choro bágoas de verán.." Outro aspecto a resaltar: a propia estrutura do poema que está moi lograda.

Acadan accésit compartido -publicación- os traballos titulados: "Veciños" da autoría de Marina Cabrera Vives de 10 anos de idade, estudante no CEIP Castrelo de Miño, Ourense e natural desta localidade. O xurado resalta a capacidade de observación, o filtro polo que o pasa para presentar unha composición moi divertida sobre a que resalta sobre todo, o sentido de comunidade que transmite. Un canto ao entendemento e á "querencia" da veciñanza.

Outro accésit compartido -publicación- é para a composición titulada "O mar", que aberta a plica correspondeu a Alex Alvarellos Oliveira, de 11 anos de idade, estudante no CEIP Vilarmide de Muxía, e natural de Caberta en Muxía. Destaca na súa peza, o diálogo entre a persoa poética e o mar, a través dunha linguaxe moi coloquial. Composición á que dota dun profundo sentido da ecoloxía.

The image shows four handwritten signatures in blue ink. From left to right: 1) A large, stylized signature that appears to begin with 'G' or 'J'. 2) A signature that includes the name 'Lorena' and the number '11'. 3) A signature that includes the name 'Iván' and the number '11'. 4) A signature that includes the name 'Lorena' and the number '11'.



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

O terceiro accésit compartido -publicación- foi para o traballo titulado "O meu tesouro". Aberta a plica, resultou ser da autoría de Ildara González Ferreiro, de 11 anos de idade e estudiante no CEIP Santa Mariña Cabral de Vigo, e residente nesta cidade. O xurado quixo destacar a férrea alegación que a autora fai pola defensa da lingua. Na súa composición mestura espontaneidade con partes reivindicativas do "dereito a ser" e do "dereito a decidir" a infancia que ela quere vivir.

Categoría D: Rapaces e rapazas de 12 a 14 anos:

Acadan o primeiro premio compartido, - 120 euros en libros e publicación - para o traballo titulado "Sumando ondas", aberta a plica corresponde a Naiara Olivares Recamán, de 12 anos de idade e estudiante no CEIP Sequelo de Marín, e residente nesta localidade. Destaca da composición o canto á natureza a través da recreación lúdica do mar.

O outro primeiro premio compartido -120 euros en libros e publicación- foi para a composición "Flores de futuro" que aberta a plica resultou ser da autoría de Amir Belhal El Abbouti, estudiante no CEIP Sequelo de Marín e residente nesta localidade. O xurado destacou esta oda a un futuro mellor, a preocupación e a esperanza no porvir.

Categoría E: Mozos e mozas de 15 a 17 anos:

Por unanimidade, o xurado decide outorgar o primeiro premio – 480 euros e publicación - ao traballo titulado "De area e agullas". Aberta a plica o autor é Andrés Collantes Barros, de 17 anos de idade, natural de San Miguel de Sarandón, Vedra, A Coruña e estudiante no Colexio La Salle de Santiago de Compostela. O traballo resulta dun afán de construcción dun conxunto de poemas que forman parte dun todo. Vainos conducindo o autor por distintas fases da relación entre dúas persoas. A composición reflicte un xogo de voces e unha complexidade de sentimientos nesa relación que nos vai amosando.

O xurado outorga o accésit -publicación- ao traballo titulado "Metal e lume" aberta a plica correspón dese coa autora Amalia Blanco Pose de 16 anos de idade natural de Santa Comba e estudiante no IES Terra do Xallas. O xurado destacou da composición a linguaxe poética pola que nos vai levando a súa composición. A propia voz poética que vai buscando o sentido da palabra.



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

Categoría F: Maiores de 18 anos:

Á estimanza do xurado acada o primeiro premio – 1500 euros e publicación- o traballo titulado “(De)catarse” aberta a plica correspón dese a Naila María González Rodríguez de 19 anos de idade, natural de Sarria, Lugo. O xurado destacou a frescura, axilidade, precisión e economía da linguaxe empregada, ao servizo dunha voz poética que percorre pasaxes significativas da infancia, manexando humor e capacidade evocativa a un tempo. Destacou tamén o traballo de construcción dos poemas, cunha escrita redonda e ben resolta.

O accésit -publicación- foi para o traballo titulado “Artefactos” que aberta a plica resultou da autoría de Gisela Mato Rivera, de Brión, A Coruña. Da que o xurado valorou a súa habelencia para poetizar o cotiá. Consegue poetizar a vida no seu día a día, cun xogo de metáforas sinxelo pero efectista; entre obxectos de refugallo e “os corpos” vai tratando diversas temáticas como a morte, a soidade, o baleiro, a vellez, a degradación...

Remata a sesión sendo as 13:20 horas.

E para que así conste, asinan a acta todas e cada unha das persoas que integran o xurado do “XXVII Certame Francisco Añón de poesía”.

Outes, 11 de maio de 2023.

